

# MÚSICA

Angela Schanelec, 2023

# 1283

ESTREA EN NUMAX: 03.05.2024 | V.O.S.E. | +12 | 108 min

Abandonado ao nacer nas montañas gregas unha noite de treboada, Jon é acollido e adoptado, sen ter coñecido a seu pai nin súa nai. De mozo, coñece a Iro, unha celadora da prisión onde está encarcerado tras un tráxico accidente mortal. Parece buscar a súa presenza, cóidao e grava música. Cada perda terá a súa contrapartida e ao perder a vista comezará a vivir a súa vida con toda plenitude.

«A celebración da natureza  
transcendental da música e o cinema»

Martin Kudlac, SCREEN ANARCHY



## Entrevista con Angela Schanelec: «A linguaxe é un intento de romper un silencio, pero só é iso, un intento»

Por Mikhail Ratgauz

**Que te levou a tomar a decisión de enfrontarte a Edipo? Como empezou?** Hai preguntas na miña vida, e polo tanto tamén nos meus filmes, para as que non teño resposta. Teñen que ver coa familia e coas relacións familiares, así como co destino, ou o mero azar, que nos determina e ante que debemos inclinarnos. O mito de Edipo abarca todo iso, incluída toda esa dor. Tamén me influíu unha produción teatral que vin cando era unha actriz moi nova.

**E hai unha maneira de pasar esa dor á música?** Si. Debido á dor, había unha razón, unha necesidade da música. Creo que a idea de que poidamos sobrevivir, que consigamos soportar as nosas vidas ou destinos... Como dicilo? É un pensamento fantástico. Aquí Jon desenvolve a capacidade de enfrontarse ao eu destino e ese destino é cantar. Canta.

**Creo que a súa linguaxe cinematográfica tamén está moi influída pola importación do mito.** A imaxinería é moito máis densa. Creo que se refire ao silencio. A narración desenvólvese a través do que non se di; xorde porque non hai linguaxe para iso. Tratábase de encontrar imaxes para incidentes para os que, na miña opinión, non hai palabras. Como na vida. Un fai algo e garda silencio ao respecto. É algo humano. A linguaxe é un intento de romper un silencio, pero só é iso, un intento. As nosas vidas están cheas de fracasos comunicativos.

**En *Música*, traballa novamente de maneira elíptica. A distancia entre as localizacións remotas e os tempos transcorridos é tan fácil de salvar no seu filme como o era no teatro de antano, en Shakespeare, digamos...** A omisión non significa que algo non ocorrera, só significa que non se viu. Ninguén o cuestiona no teatro. Por suposto, pódese dicir que o filme é o que se ve en pantalla, pero as imaxes só existen porque se decidiu facer algunhas omisións. En realidade, todo o mundo é consciente diso, e se pensamos no proceso de montaxe, é aínda máis obvio. A omisión é un requisito da narración. Todo se deriva da omisión: os lugares aos que podo ir, o tempo que podo deixar pasar...

**Gustaríame volver á música. As cancións que canta Jon son de Doug Tielli. Como o encontrou?** Foi unha longa busca. As cancións que canta Jon na segunda parte é a súa verdadeira linguaxe, pero eu non podía escribilas. Imaxinábaas, pero custábame encontrar as palabras. Estiven escoitando música durante máis dun ano ata que din con Doug Tielli, que vive nunha zona rural de Canadá e ao que coñecín en Toronto. Quedamos, e despois envioume as cancións nas que estaba traballando e que aínda non publicara. Non dubidei nin un momento en apostar pola súa música, foi un golpe de sorte para min, como co reparto: Aliocha Schneider e Agathe Bonitzer, Marisha Triantafyllidou e Argyris Xafis. Todos foron encontros moi afortunados, tamén cos demais actores de Grecia. Como hai tanto silencio no filme, a atención céntrase cada vez máis nos rostros, nos corpos e no movemento: todo xorde deses actores e da natureza.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Edipo*,  
Pier Paolo Pasolini,  
Friedrich Hölderlin,  
Sófocles.  
La Oficina, 2015

*Diario de un cura rural*,  
Robert Bresson.  
Karma [DVD]

*Escritos sobre teatro*,  
Bertolt Brecht.  
Alba Editorial, 2004